



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E SETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE

No salón de plenos da Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e sete de febreiro de dous mil vinte, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

Polo Grupo Político PSdeG-PSOE:

D^a MARIA GUADALUPE POMBO CARRIL
D.DIEGO ANTONIO TAIBO MONELOS
D^a MARTA MARIA FIGUEROA FUENTES
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE
D^a MARTA MARIA IGLESIAS BECERRA
D. MIGUEL SUAREZ GARCIA
D^a YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ
D^a MARÍA PENÉLOPE LÓPEZ DÍAZ
D. CARLOS LIÑARES GESTAL
D^a SUSANA AMOR FERNÁNDEZ

Polo Grupo Político Popular:

D^a IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU
D ANTÓN PRIETO GARCÍA
D. ALFONSO RICO VERA

Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:

D^a MARÍA BEATRIZ PÉREZ MOSQUERA
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:

D^a MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA
D^a SANDRA MARÍA MARZOA GARCÍA

Non asiste á sesión o Sr. Concelleiro don Enrique Antonio Chouciño Garrido.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Vanesa García Barreiro e da fe do acto a secretaria xeral do Concello, dona Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN REALIZADA EN DATA 30 DE XANEIRO DE 2020.

Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)  623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

Seguidamente, de conformidade co previsto no art. 79 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP N° 162, 16/7/2004), pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación a acta da sesión celebrada en data 30 de xaneiro de 2020, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta da sesión celebrada en data 30 de xaneiro de 2020, sendo aprobada por unanimidade dos señores/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión celebrada en data 30 de xaneiro de 2020.

2.- PROPOSTA RELATIVA Á INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONSTITUCIÓN DUNHA MANCOMUNIDADE.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 21 de xaneiro de 2020, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá e Persoal na sesión de data 23 de xaneiro de 2020, que literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a notificación remitida polo Secretario do Consorcio As Mariñas na que dá traslado do acordo adoptado polo Pleno en sesión de data 18 de decembro de 2019, relativo a instar aos concellos para que inicien o expediente de constitución dunha Mancomunidade co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas e comunicar dito acordo aos Concellos integrantes do consorcio para que aproben a iniciativa para a constitución desa mancomunidade

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO. Incoar expediente de constitución dunha Mancomunidade de Concellos consonte ao disposto nos artigos 137 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia (LALG), co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas.

SEGUNDO. Designar ao Sr. Alcalde como representante do Concello de Culleredo, quen pasará a formar parte da Comisión Xestora que constituirase consonte ao disposto no artigo 138.2 da LALG.

TERCEIRO. Deixar sen efecto os acordos plenarios anteriores sobre a mancomunidade.

CUARTO. Facultar ao sr. alcalde-presidente para a xestión e firma de cantos documentos sexan necesarios para a xestión do presente acordo.”

Consta no expediente informe conxunto da Secretaría e da Intervención Municipais asinado pola Secretaria Xeral o día 23 de xaneiro de 2020 e pola Interventora o día 30 de xaneiro de 2020 (código de documento USG14I002G).

Aberto o turno de intervencións ,solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do PsdG-PSOE, Sr. Taibo Monelos quen, unha vez concedido procede á lectura da proposta e di que á vista do informado por Secretaría e Intervención formulan unha enmenda ao ditame da Comisión informativa que, transcrita di:

“ENMENDA AO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MEDIOAMBIENTE, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ E PERSOAL DE DATA 23 /01/2020

De conformidade co disposto no artigo 94 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e á vista de que no informe conxunto de Secretaría e Intervención que obra no expediente (código de documento USG14I002G) se pon de manifesto a discrepancia en relación ao término “transformación” que consta na proposta, e a procedencia de substituílo por “disolución”, esta Alcaldía presenta a seguinte

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO DICTAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MEDIOAMBIENTE, OBRAS, SERVIZOS, SEGURIDADE CIDADÁ E PERSOAL ADOPTADO EN SESIÓN DE DATA 23 DE XANEIRO DE 2020:

No apartado primeiro da parte dispositiva, onde di:

“ **PRIMEIRO.** Incoar expediente de constitución dunha Mancomunidade de Concellos consonte ao disposto nos artigos 137 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia (LALG), co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas. “

Sustituir pola seguinte redacción:

“ **PRIMEIRO.** Incoar expediente de constitución dunha Mancomunidade de Concellos consonte ao disposto nos artigos 137 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia (LALG), co gallo da disolución do Consorcio As Mariñas.”

A continuación solicita o uso da palabra o sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que o grupo político Alternativa dos Veciños está de acordo coa emenda pero que solicita que se elimine do punto segundo da proposta o que aparece entre paréntesis e que di “tomar como base os actuais estatutos do Consorcio de As Mariñas”.

Intervén o sr. Alcalde para explicar que o texto está tal cual o acordaron os concellos que forman parte do Consorcio de As Mariñas e que despois houbo unha emenda feita desde o Concello de Oleiros ao Pleno do Consorcio que é precisamente a que se recolle aquí relativa ao cambio de palabras; di que o Concello de Culleredo non aprobara esto no último Pleno porque deixaron o asunto enriba da mesa e fai constar que xa as propias secretaria e interventora se deran conta deste erro e que así o manifestaron no seu informe.

De seguido pide o uso da palabra o sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que quere xustificar a abstención do grupo político do BNG neste punto ao considerar que o que se lles presenta finalmente é unha obrigatoriedade por parte da lexislación vixente de abandonar o Consorcio para transformalo nunha Mancomunidade; que a aposta do BNG é clara desde hai moitos anos: chegar a constituír unha área metropolitana para ofrecer mellores servizos aos cidadáns da comarca da Coruña e por iso consideran que facelo sen a participación da propia cabeza da comarca é unha inutilidade en moitos sentidos posto que hai servizos como o de transporte ou o da xestión da auga que deben de contar coa participación da cidade da Coruña; di tamén que o Pleno da Coruña aprobou na sesión de outubro do ano pasado e deu luz verde ao inicio do proceso para formar parte dunha área metropolitana e que desde o BNG consideran que ese debe de ser o obxectivo e a meta; que tamén cren que é unha mágoa que este ditame que se trae ao Pleno deixe sen efecto acordos anteriores tales como unha moción de outubro de 2015 do BNG, aprobada tamén polos concelleiros do PSdeG-PSOE, que falaba de levar a cabo esforzos para unir a cidade da Coruña nunha mancomunidade de concellos. Remata a súa intervención o sr. Méndez Mosquera dicindo que anima ao sr. Alcalde a dar un impulso para levar a cabo a área metropolitana xa que nestes momentos goberna na cidade da Coruña o mesmo partido que no Concello de Culleredo.

Intervén o sr. Alcalde e di que agradece a intervención do sr. Méndez Mosquera a quen lle di que desde o PSdeG-PSOE teñen coincidencias na interpretación que fixo o BNG; que o Concello de Culleredo xunto co goberno anterior e o actual da Coruña así como con outros concellos da área foron os principais impulsores dunha área metropolitana e explica que o debate entre diferentes grupos e diferentes concellos o teñen no Consorcio de As Mariñas; que iso non debe ser un óbice para afrouxar na intención de formar a área metropolitana porque pensa que a curto ou mediano prazo estarán en proceso de elaborar as cuestións que se abordarán nesa área; que na constitución da área metropolitana haberá servizos que entren dentro dela e outros que non xa que hai que analizar os custos e ao mellor a recollida de lixo con todos os concellos que conforman esa área metropolitana pode ser máis custoso que o sistema actual polo que el cre que son cuestións que hai que ir analizando e introducindo progresivamente na



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

política que terán todos os concellos integrantes na área, que son cuestións que a nivel técnico e político deben de abordar xa que a área metropolitana non pode supoñer un aumento dos custos que teñen os concellos nos seus servizos. Reitera o sr. Alcalde que comparte parcialmente a visión do BNG pero que o paso que se da coa aprobación deste ditame non ten nada que ver coa cuestión que formula o sr. Méndez Mosquera nin anula ningún outro acordo posto que existe unha mancomunidade de concellos na que está A Coruña e que non se quixo activar porque tiña outra finalidade e isto outro ten unha finalidade moi concreta que consiste en darlle un viso legal o que é o propio Consorcio das Mariñas unicamente para as competencias que ten asignadas que son a recollida do lixo, a lacería e unha delegación dos servizos xurídicos dos servizos sociais.

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda ao dictame da Comisión Informativa de Urbanismo, Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá e Persoal de data 23 de xaneiro de 2020, que é aprobada por unanimidade dos concelleiros/as asistentes á sesión.

A continuación o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a proposta coas modificacións que resultan da enmenda aprobada, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezaioito (18), dos/as Sres./as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, López Díaz, Liñares Gestal, Amor Fernández, García Gorostizu, Prieto García, Rico Verea, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: dúas (2), dos/as Sres./as: Pérez Mosquera e Méndez Mosquera.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 21 de xaneiro de 2020 coas modificacións que resultan da enmenda, quedando polo tanto a parte dispostiva do acordo redactada do seguinte xeito:

“ **PRIMEIRO.** Incoar expediente de constitución dunha Mancomunidade de Concellos consonte ao disposto nos artigos 137 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración local de Galicia (LALG), co gallo da disolución do Consorcio As Mariñas

SEGUNDO. Designar ao Sr. Alcalde como representante do Concello de Culleredo, quen pasará a formar parte da Comisión Xestora que constituirase consonte ao disposto no artigo 138.2 da LALG.

TERCEIRO. Deixar sen efecto os acordos plenarios anteriores sobre a mancomunidade.

CUARTO. Facultar ao sr. alcalde-presidente para a xestión e firma de cantos documentos sexan necesarios para a xestión do presente acordo.”

3.- PROPOSTA RELATIVA Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS ESPECIAIS DO AEROPORTO E DO PLAN XERAL DE ORDEACIÓN MUNICIPAL.

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2020, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá e persoal na sesión de data 20 de febreiro de 2020, que literalmente di:

“PROPOSTA SOBRE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS ESPECIAIS DO AEROPORTO E DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)  623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

Visto o disposto no artigo 124 3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, segundo o cal son Comisións Informativas especiais as que o Pleno acorde constituir para un asunto concreto , en atención as súas características especiais de calquera tipo.

Considerando convinte a creación dunha Comisión especial para o estudo e seguemento da revisión do Plan xeral de ordenación municipal e dunha comisión especial do aeroporto.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Crear dúas (2) Comisións Informativas especiais coa seguinte denominación:

- COMISIÓN ESPECIAL DO AEROPORTO, que terá por obxecto o estudo e seguemento da revisión do Plan director do aeroporto .
- COMISIÓN ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL, que terá por obxecto o estudo e seguimento da revisión do Plan xeral de ordenación municipal

A duración destas comisións será ilimitada ata a aprobación da revisión do plan director de aeroporto e ata a aprobación da revisión do Plan xeral de ordenación municipal respectivamente.

As Comisións Informativas especiais citadas estarán compostas por:

- Catro (4) representantes do grupo político municipal do PSdG-PSOE, incluído o Sr. Alcalde-Presidente, Presidente nato de tódalas Comisións.
- Un (1) representante do Grupo político municipal do PP
- Un (1) representante do Grupo político municipal do BNG
- Un (1) representantes do Grupo político municipal Alternativa dos Veciños

Segundo.- A adscripción concreta ás comisións dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido ao Alcalde, do que se dará conta ao Pleno, poidendo desinarse un suplente.

Terceiro.- As Comisións informativas especiais que se crean por este acordo axustarán o seu funcionamento ao disposto nos artigos 123 a 126 e 134 a 138 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro.”

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, e despois de dicir que a creación dalgunhas destas comisións xa foran propostas polo BNG solicita a convocatoria das Comisións que se traen ao Pleno o máis axiña posible.

Intervén o sr. Alcalde e di que así se fará.

A continuación solicita o uso da palabra a sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, manifesta que o seu grupo se alegra pola constitución destas comisións e que botan en falta saber cando se convocará a primeira e a periodicidade das mesmas.

Contesta o sr. Alcalde dicindo que unha vez que se aprobe no Pleno, convocaranse os grupos políticos para que nomeen os seus representantes e despois se fará a Comisión de Constitución na que se establecerá entre outras cuestións a periodicidade e por último darase conta ao Pleno dos acordos.

Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)  623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

Rematadas as intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía 17 de febreiro de 2020, que é aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2020, que devén en acordo nos termos transcritos.

4.- PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, MOCIÓN DO GRUPO POLÍTICO PSG-PSOE PARA GARANTIR A IGUALDADE DE TRATO ENTRE AS PARELLAS DE FEITO E AS CASADAS NO ACCESO Á PENSIÓN DE VIUEZ.

A Presidencia, ao amparo do disposto no artigo 85.2 do Regulamento orgánico municipal (BOP nº 162, do 16/7/2004), e de conformidade coas prescricións do artigo 71.3 do ROM, somete á ratificación do pleno a inclusión na orde do día por razóns de urxencia, da moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 5 de febreiro de 2020 relativa ao asunto epigrafiado, que é ratificada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión

De seguido, somete a debate e votación do Pleno a citada moción, que literalmente di:

“MOCION QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CULLEREDO PARA GARANTIR A IGUALDADE DE TRATO ENTRE AS PARELLAS DE FEITO E AS CASADAS NO ACCESO Á PENSIÓN DE VIUEZ

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de CULLEREDO desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas rexistradas oficialmente como unións de feito, que sobreviven á súa parella, experimentan no noso país unha discriminación no acceso á percepción da pensión de viuvez respecto a os que elixen o matrimonio como modo de convivencia. Ao membro supérstite na parella de feito esíxenselle requisitos para a percepción da pensión que non son contemplados nos supostos en que a parella se formaliza de conformidade coas normas que regulan o matrimonio. Esta diferenza de trato non ten causa obxectiva que actualmente a xustifique.

De acordo coa Lei Xeral da Seguridade Social, modificada no ano 2007, o membro supérstite da parella de feito deberá acreditar para percibir a pensión, que os seus ingresos durante o ano natural anterior non alcanzaron o 50 por cento da suma dos propios e dos do falecido habidos no mesmo período, ou o 25 por cento no caso de inexistencia de fillos comúns con dereito a pensión de orfandade. Esta regulación supón unha dobre discriminación. Dunha parte, esíxese que o membro defunto da parella gañase un euro máis que o sobrevivente para poder percibir a pensión, requisito que nalgún caso se esixe ao cónxuxe que sobrevive no matrimonio. Doutra parte, establécense uns requisitos diferentes no caso de que non existan fillos comúns con dereito a orfandade.

No caso de que non cumpran estes requisitos só recoñecerase dereito a pensión de viuvez cando os ingresos do sobrevivente resulten inferiores a 1,5 veces o importe do salario mínimo interprofesional. Con iso a norma trataba de garantir a pensión nos supostos de necesidade económica. Pero a finalidade da pensión non é garantir un mínimo vital, senón non para remediar o dano que produce á familia a diminución de ingresos na familia por mor da morte do cónxuxe.

A modificación de 2007 (Lei 40/2007, de medidas en materia de Seguridade Social) establecía por primeira vez no ámbito normativo (no xurisprudencial conseguíronse algúns recoñecementos con anterioridade), a posibilidade de cobrar a pensión de viuvez nos supostos de parellas de feito. Iso supuxo un importante avance en orde á consecución dos dereitos das parellas de feito, que ía parello ao recoñecemento desta realidade en ámbitos tan dispares como o tributario ou o penal. Pero a Lei trataba de que se acreditase, ademais da convivencia efectiva, a dependencia económica do convivente sobrevivente nas porcentaxes mencionadas en función da existencia ou non

6 de 31

de fillos comúns con dereito a pensión de orfandade. Ademais, a Lei tampouco valoraba que a situación económica no momento do falecemento poida manterse como estable no tempo ou que esta situación sexa puramente circunstancial, como pode ser o caso de contratos de traballo temporais. Que se esixa una “certa dependencia económica” dun dos membros da parella de feito para optar a unha pensión de viuvez é discriminatorio. Que só se teñan en conta os ingresos do convivente que sobrevive nun momento determinado (o ano anterior ao falecemento) é inxusto.

A realidade social que trataba de regular a norma cambiou substancialmente. Por iso a norma debe cambiar.

Os fillos nados fose do matrimonio son 46,8% segundo as últimas cifras recollidas en 2017, cando nos anos 90, estes non chegaban ao 10%. Estas cifras son manifestación da ruptura do modelo tradicional familiar existindo unha realidade como son as unións de feito que debe ser considerado e regulado. Ademais, desde entón, recoñeceu o acceso ao matrimonio a persoas do mesmo sexo e lograronse importantes (aínda que claramente insuficientes), avances en materia de igualdade.

De acordo cos datos do Instituto Nacional de Estatística no ano 2018 había en España rexistradas 1.625.800 parellas de feito fronte a 9.655.100 parellas casadas. Iso supón que un 14,41% da poboación opta por inscribirse nun Rexistro Oficial de Parellas de feito, fronte a 85,59% que optan polo matrimonio. Non existe razón para discriminar a estas parellas.

Neste punto non pode evitarse contemplar outro dato: no noso país o número de viúvas é moi superior ao de viúvos. Iso supón que, na práctica, a medida é unha norma que, unha vez máis, atenta contra a igualdade da muller no noso Ordenamento Xurídico.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista do Concello de CULLEREDO somete a votación a seguinte MOCIÓN para ser aprobada

C.I.F. P-1503100-H

1. Instar o Goberno de España a promover a modificación da Lei Xeral da Seguridade Social e demais normas que resulten necesarias para garantir aos membros das parellas de feito o acceso a todas as prestacións ou pensións vinculadas a situacións de viuvez, nas mesmas condicións que aos cónxuxes nos matrimonios civís.
2. Esixir a retroactividade destas modificacións para as familias afectadas por esta discriminación desde a entrada en vigor da Lei 40/2007, o 1 de xaneiro de 2008. “

Iniciada a quenda de intervencións solicita o uso da palabra a v oqueira do grupo popular sra. García Gorostizu, quen unha vez concedido, di que o seu grupo político está a favor desta moción e que se alegran que se sumen a iniciativas xa presentadas polo partido popular o pasado ano a través das súas compañeiras Dolores Montserrat e Rosa Estarás que o solicitaron ao Goberno e ao Congreso.

Intervén o sr. Alcalde para dicir que é unha mágoa non telo feito antes.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo político do PSdeG-PSOE de data 5 de febreiro de 2020, que é aprobada por unanimidade dos sres/as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción que devén en acordo nos termos transcritos.

5. DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL DE EXECUCIÓN DA EDUSI CULLEREDO VIVO DURANTE A ANUALIDADE 2019.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal do “ Informe anual de execución da Edusi Culleredo Vivo durante a anualidade 2019 “ asinado polo xefe do gabinete técnico, Javier Varela Tejedor en data 15 de xaneiro de 2020(código de documento UGT14I0006.)

6. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellaría delegadas, que comprenden un total de 222 resolucións numeradas da 49 a 271 do ano 2020, que se relacionan deseguido:

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
49	22/01/2020	Concesión a A.N.L. de anticipo salarial.	
50	22/01/2020	Concesión permiso vertedura ao sistema publico de saneamento a RIMIGRAF SI para actividade de reprodución de textos ou imaxes por procedementos como multicopistas e outros	
51	22/01/2020	Outorgamento licenza municipal para posesión de animais potencialmente perigosos a M.S.P. Nº 153	
52	23/01/2020	Estimación alegacións achegadas ao expediente de tráfico 7743/2019	
53	23/01/2020	Aprobación liquidación alta no padrón fiscal taxa entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública a RIMIGRAF SL	
54	23/01/2020	Autorización, disposición, recoñecemento de obrigas e orde do pagamento de facturas incluídas na relación O/2020/1 (JARDINERIA ARCE SL, 7.225,31 € e máis)	
55	23/01/2020	Convocatoria Xunta de Voceiros a celebrar o venres día 24 de xaneiro de 2020 ás 13.30 horas en primeira convocatoria	
56	23/01/2020	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local a celebrar o luns 27 de xaneiro de 2020 ás 13.30 horas en primeira convocatoria	
57	23/01/2020	Orde de anotación no Rexistro Mpal de Subvencións das resolucións relativas a concesión de subvencións ou axudas durante o período comprendido do 01/10/2019 ao 31/12/2019	
58	23/01/2020	Declaración caducidade e baixa no Padrón Municipal de Habitantes por non ter renovada a súa inscrición con efectos de 23/12/2019	
59	24/01/2020	Inicio expte sancionador de tráfico EXPTE 167/2020 e máis.	
60	24/01/2020	Anulación liquidación practicada a G.P.B. no domicilio sito en LG Ledoño correspondente ao 4ºTRIM. 2019 e aprobación dunha nova na que os tipos de gravame do terceiro tramo de consumo (>55	

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

NÚM. RESOLUCION **DATA** **EXTRACTO** **PLENO 27-02-2020**

M3/TRM) serán os establecidos para o segundo tramo 0,66€/M3

C.I.F. P-1503100-H

- | | | |
|----|------------|---|
| 61 | 24/01/2020 | Imposición a M.P.A. dunha multa coercitiva por 1000 euros por incumplimento de suspensión inmediata da actividade de explotación equina na parcela sita no Lg de Cornedo |
| 62 | 27/01/2020 | Orde de inscrición da Asociación CLUB XALO OFFROAD no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello co número 168 |
| 63 | 27/01/2020 | Convocatoria da Sesión ordinaria do Pleno mpal a celebrar o 30 de xaneiro de 2020 ás 13.30 horas en primeira convocatoria |
| 64 | 27/01/2020 | Concesión a M.E.M. da tarxeta de estacionamento por razon de discapacidade cunha vixencia de 10 anos |
| 65 | 27/01/2020 | Denegación a C.V.M.B. da tarxeta de estacionamento por razon de discapacidade porque no certificado de grao de discapacidade non se recoñecen dificultades de mobilidade para utilizar transportes colectivos |
| 66 | 27/01/2020 | Concesión a I.P.L da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade cunha vixencia de 10 anos |
| 67 | 27/01/2020 | Concesión a M.A.R.R. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade cunha vixencia de 10 anos. |
| 68 | 27/01/2020 | Denegación a M.B.S.G. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade xa que non ten recoñecido o baremo de mobilidade na Tarxeta acreditativa do Grado de Discapacidade |
| 69 | 27/01/2020 | Concesión a M.A.R.M. axuda económica para pago recibo auga 4º trim. 2018 e 1º,2º,3º e 4º trim. de 2019; pago recibo electricidade dec 2018 e xaneiro a maio 2019, agosto, setembro, novembro e dec 2019 e pago recibos aluguer meses 2019 e 2020 por 1075 € |
| 70 | 27/01/2020 | Concesión a J.F.S.V. dunha axuda económica para pago recibos de gas outubro 2019 e 2020, Bono alimentos tipo A e bono hixiene tipo A |
| 71 | 28/01/2020 | Aprobación do Plan de seguridade e saúde da obra de "Reforma para el ahorro energético en los alumbrados públicos de las plazas Santa Gema, As Brañas, R/Ferrocarril, Celas y urbanización A ría". Adxudicatario: Instalaciones eléctricas Coruñesas, SL |



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
72	28/01/2020	Concesión licenza mpal núm. 431 para uso especial de dominio público, reserva de espazo de entrada e saída de vehículos para o espazo destinado a aparcadoiro sito na R/Paxariñas a A.V.M.	
73	28/01/2020	Baixa con efectos do 2020 da licenza mpal núm. 99 de reserva de espazo de entrada e saída de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública, pertencente ao local sito na Avda de Vilaboa de J.C.Q. por solicitude da actual propietaria	
74	28/01/2020	Contratación de M.A.G.R. profesor laboral temporal cun contrato de traballo de interinidade a tempo parcial como profesor de música na especialidade de trompeta ata a incorporación ao seu posto de traballo do empregado en situación de baixa	
75	28/01/2020	Anulación liquidación practicada a O.R.B no domicilio sito en R/Jorge Guillén correspondente ao 4º trim. 2019 e aprobación dunha nova na que os tipos de gravame do 3º tramo (>55m3/trim) serán os establecidos para o 2º tramo, 0,66 €/m3	
76	28/01/2020	Anulación liquidación practicada a S.P.B no domicilio sito en Avda. Vilaboa correspondente ao 4º trim. 2019 e aprobación dunha nova na que os tipos de gravame do 3º tramo (>55m3/trim) serán os establecidos para o 2º tramo, 0,66 €/m3	
77	28/01/2020	Prorroga da adscrición en comisión de servizos a F.P.O. no posto de traballo do servizo de Medioambiente, servizos e obras ata que se leve a termo a provisión do posto	
78	28/01/2020	Concesión a J.F.F. da licenza solicitada para agrupación e segregación dunhas parcelas no lugar de Vigovidín.	
79	28/01/2020	Autorización a ASOCIACION DE MULLERES ALANCADA o uso dun local no centro social O Noso Lar.	
80	28/01/2020	Concesión a J.L.T.A. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade cunha vixencia de 10 anos.	
81	29/01/2020	Autorización uso especial a UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público mpal no lugar de Outeiro de Abaixo para liña eléctrica de baixa tensión soterrada	
82	29/01/2020	Autorización uso especial a UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público mpal na parroquia de Fornos para liña eléctrica de baixa tensión soterrada	
83	29/01/2020	Persoamento en nome do Concello como prexudicado ante o Xulgado de Instrución nº 5 de A Coruña. DPA DILIGENCIAS	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
		PREVIAS PROCEDIMIENTO ABREVIADO 1430/2019	
84	30/01/2020	Delegación da alcaldía na primeira tenente de alcalde Dona Guadalupe Pombo Carril desde a hora de sinatura desta resolución e ata a reincorporación do alcalde	
85	30/01/2020	Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local o luns 3 de febreiro de 2020 ás 13.30 horas en primeira convocatoria.	
86	31/01/2020	Concesión a T.D.V. persoal laboral do Concello de Culleredo da redución da súa xornada de traballo nun terzo da mesma coa diminución das retribucións que correspondan desde o día seguinte á notificación da resolución.	
87	03/02/2020	Desestimación do pagamento da subvención de 1.500€ é empresa JARDIN CELAS SL dentro da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "Culleredo verde"	
88	03/02/2020	Concesión a F.C.L. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade cunha vixencia de 10 anos.	
89	03/02/2020	Concesión a R.R.S. da tarxeta de estacionamento po razón de discapacidade cunha vixencia de 10 anos.	
90	03/02/2020	Resolución sancionadora e imposición ao responsable da sanción multa de tráfico. Expte 10054/2019	
91	03/02/2020	Resolución estimación alegacións presentadas no expediente 17009/2019.	
92	03/02/2020	Resolución estimación alegacións presentadas no expediente 17055/2019.	
93	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a E.C.C. no domicilio sito na rúa Tierno Galván con efectos de xaneiro de 2020	
94	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a A.M.G.R. no domicilio sito na rúa Dereitos Humans con efectos de 1 xaneiro de 2020	
95	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a M.B.F.D. no domicilio sito na Avda. Fonteculler con efectos de	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
		1 xaneiro de 2020	
96	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a L.A.G.V. no domicilio sito na rúa Andrés Pan Vieiro con efectos de 1 xaneiro de 2020	
97	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a R.M.S. no domicilio sito no lugar de Peiro de Arriba con efectos de xaneiro de 2020	
98	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a H.B no domicilio sito na rúa Sanjurjo de Carricarte con efectos de 1 xaneiro de 2020	
99	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a P.G.R. no domicilio sito na rúa Andrés Pan Vieiro con efectos de 1 xaneiro de 2020	
100	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a M.L.C.V. no domicilio sito na rúa Fernando Perez de Traba con efectos de 1 xaneiro de 2020	
101	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a D.P.A. no domicilio sito na rúa Outeiro de Arriba con efectos de 1 de xaneiro de 2020	
102	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a M.A.B.C. no domicilio sito na rúa Largo Caballero con efectos de 1 xaneiro de 2020	
103	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a C.M.A.Q. no domicilio sito na Avda Vilaboa con efectos de 1 xaneiro de 2020	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
104	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a M.C.S.F. no domicilio sito na rúa Xosé Neira Vilas con efectos de 1 xaneiro de 2020	
105	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a V.R.S. no domicilio sito na Avda. Vilaboa con efectos de 1 xaneiro de 2020	
106	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a M.R. B.G. no domicilio sito na rúa Fornos con efectos de 1 xaneiro de 2020	
107	03/02/2020	Denegación bonificación familia numerosa para o ano 2020 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a T.L.A no domicilio sito na Praza Daniel Rodríguez Castelao por non constar como suxeito pasivo da mesma.	
108	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a A.S.C. no domicilio sito na rúa Alcalde Electo Carballo con efectos de 1 xaneiro de 2020	
109	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a S.L.B. no domicilio sito na rúa Manuel Azaña con efectos de 1 xaneiro de 2020	
110	03/02/2020	Denegación bonificación familia numerosa para o ano 2020 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a J.M.R.G. no domicilio sito na Rúa Baralla por non constar como suxeito pasivo da mesma.	
111	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a C.P.D. no domicilio sito no lugar de Ledoño con efectos de 1 xaneiro de 2020	
112	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 B.A.F. no domicilio sito na rúa Tierno Galván con efectos de 1 xaneiro de 2020	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
113	03/02/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e obriga de pagamento a favor de COMOEN SA de 259.745,90 € con cargo a aplicación orzamentaria 151-60000.	
114	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a E.M.P.R. no domicilio sito na rúa Fernando Pérez de Traba con efectos de 1 xaneiro de 2020	
115	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a E.M.F.B. no domicilio sito na Urb. Álamos con efectos de 1 xaneiro de 2020	
116	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a A.I.R.A. no domicilio sito en Lg Celas con efectos de 1 xaneiro de 2020	
117	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a V.M.G. no domicilio sito na rúa Tierno Galván con efectos de 1 xaneiro de 2020	
118	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a B.F.G. no domicilio sito na rúa Alcalde Electo Carballo con efectos de 1 xaneiro de 2020	
119	03/02/2020	Denegación bonificación familia numerosa para o ano 2020 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a M.C.G.D. no domicilio sito na pza Daniel Rodríguez Castelao por non constar como suxeito pasivo da mesma.	
120	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a M.A. no domicilio sito na Avda Fonteculler con efectos de 1 xaneiro de 2020	
121	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a E.M.M. no domicilio sito na rúa Wenceslao Leopoldo Blanco con efectos de 1 xaneiro de 2020	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
122	03/02/2020	Denegación bonificación familia numerosa para o ano 2020 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a G.A.L. no domicilio sito na Avda Vilaboa por non constar como suxeito pasivo da mesma.	
123	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a M.M.P. no domicilio sito na rúa Hersa con efectos de 1 xaneiro de 2020	
124	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a Y.M.A.N. no domicilio sito na rúa Alcalde Domingo Sierra con efectos de 1 xaneiro de 2020	
125	03/02/2020	Denegación bonificación familia numerosa para o ano 2020 sobre o consumo non incluído na cota de dispoñibilidade na taxa por distribución de auga a C.F.R. no domicilio sito na Praza Ría por non constar como suxeito pasivo da mesma.	
126	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a O.C.V. no domicilio sito na rúa Dr. Dimas Romero con efectos de 1 xaneiro de 2020	
127	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a D.M.C. no domicilio sito na rúa María Roman con efectos de 1 xaneiro de 2020	
128	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a R.M.A. no domicilio sito na rúa Anxo Senra Fernández con efectos de 1 xaneiro de 2020	
129	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a J.M.P.C. no domicilio sito no lugar Ermida de Ternande con efectos de 1 xaneiro de 2020	
130	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a R.I.B. no domicilio sito na rúa Liñares con efectos de 1 xaneiro de 2020	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
131	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a A.M.L.C. no domicilio sito na rúa Irmáns Suárez Ferrín con efectos de 1 xaneiro de 2020	
132	03/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 60 m3 a M.C.A.V. no domicilio sito na rúa Andrés Pan Vieiro con efectos de 1 xaneiro de 2020	
133	03/02/2020	Requirimento a M.A.S.R. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo SEAT modelo Córdoba de cor verde da rúa Agustín Abelaira.	
134	04/02/2020	Concesión a M.J.G.F. da licenza primeira ocupación para vivenda unifamiliar sita no lugar de Goiente	
135	04/02/2020	Concesión a S.S.P. da licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar sita no lugar de Celas.	
136	04/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a A.D.A.S. no domicilio sito na rúa Gloria Fuertes con efectos de 1 xaneiro de 2020	
137	04/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 60 m3 a M.O.B. no domicilio sito na Avda Xoan Carlos I con efectos de 1 xaneiro de 2020	
138	04/02/2020	Anulación liquidación practicada a G.E.L. no domicilio sito na Rúa Rio Mero correspondente ao 4º trimestre 2019 e aprobación dunha nova na que os tipos de gravame do 3º tramo de consumo (>55m3/trim) serán os establecidos para o segundo tramo, 0,66 €/m3	
139	04/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a M.R.M. no domicilio sito na rúa Irmáns Suárez Ferrín con efectos de 1 xaneiro de 2020	
140	04/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a M.M.A.P. no domicilio sito na rúa Manuel Azaña con efectos de 1 xaneiro de 2020	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
141	04/02/2020	Imposición sanción multa tráfico. Expte 15329/2019 por importe de 200 euros.	
142	05/02/2020	Aprobación devolución a M.T.R.F. da cantidade indebidamente ingresada en concepto de IIVTNU por importe de 448,59€ máis 21,38€ en concepto de intereses de demora dende a data de ingreso	
143	05/02/2020	Aprobación devolución a I.S.G da cantidade indebidamente ingresada en concepto de IIVTNU por importe de 398,12€ máis 18,45€ máis en concepto de intereses de demora dende a data de ingreso	
144	05/02/2020	Concesión a F.G.G. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade cunha vixencia de 10 anos.	
145	05/02/2020	Aceptación desestimento solicitude do servizo mpal de Axuda a Domicilio e Xantar na casa formulado por E.S.F.	
146	05/02/2020	Concesión a R.M.V.N. a alta e obtención do carné do CLUB +65	
147	06/02/2020	Convocatoria da sesión ordinaria da XGL o luns día 10 de febreiro de 2020 ás 13.30 horas en primeira convocatoria	
148	06/02/2020	Autorizacións, disposicións, recoñecemento de obrigas e orde de pago das facturas incluídas na relación O/2020/2 (XUNTA DE GALICIA, 389,05€ e máis)	
149	06/02/2020	Aprobación da devolución a A.M.P.V da cantidade ingresada indebidamente en concepto de IIVTNU por importe de 483,39€ máis 20,62 € en concepto de intereses de demora dende a data de ingreso.	
150	06/02/2020	Requirimento a A.V.V. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo marca CITROEN modelo XANTIA de cor azul sito na rúa Maria Cagiao.	
151	07/02/2020	Autorización a K.P.D.A. á redución da súa xornada de traballo por razóns de garda legal, nunha hora diaria (5 horas semanais) durante os meses de marzo, abril e maio coa diminución que corresponda das súas retribucións.	
152	07/02/2020	Inicio expte sancionador en materia de tráfico. Expte 1035/2020 e máis.	
153	07/02/2020	Orde a EPAAT, SL como propietario de terreos da limpeza e desbroce que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
		condicións de seguridade/salubridade.	
154	07/02/2020	Requirir a C.V.V. para que no prazo dun mes proceda á retirada do vehículo marca DAEWOO, modelo ARANOS de cor azul da rúa Maria Cagiao.	
155	07/02/2020	Facilitación a G.M.M. da copia do informe da Psicóloga-Técnica de Educación de data 6 de febreiro de 2020.	
156	07/02/2020	Autorización, disposición recoñecemento da obriga e ode do pagamento a favor de INSOJA SL de 3.184,02€ en concepto de intereses xerados seis meses despois da aprobación inicial do proxecto ata a data de inicio considerada na resolución 2082/2019 .	
157	07/02/2020	Orde a M.V.V. como propietario de terreo da limpeza e desbroce que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	
158	07/02/2020	Solicitud á Deputación Provincial da Coruña a subvención para o financiamento do gasto de persoal para oficina de turismo 2020 por importe de 11.305,36 €.	
159	07/02/2020	Concesión a Promotora Mirador de Fonteculler SL a licenza de primeira ocupación para un edificio de 10 vivendas e un local comercial sito na rúa Paz.	
160	07/02/2020	Concesión a G.G.L da licenza mpal de obras para construción dun edificio de res vivendas e garaxe na rúa San Antón.	
161	10/02/2020	Autorización, disposición e recoñecemento de obrigas e orde de pagamentos (G.F.G., 540,02 € e máis)	
162	10/02/2020	Levantamento reparo suspensivo formulado pola intervención xeral e avocación da competencia para adxudicación do contrato para a execución servizo "Realización de varias visitas guiadas con escolares para coñecer a riqueza ornitolóxica da ría do Burgo"	
163	10/02/2020	Concesión a J.A.A da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter provisional cunha vixencia ata o 08/11/2021	
164	10/02/2020	Concesión a S.R.L.K da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade cunha vixencia de 10 anos	
165	10/02/2020	Concesión a M.F.P. da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade cunha vixencia de 10 anos.	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
166	10/02/2020	Baixa no servizo mpal de axuda a domicilio por libre concorrencia a J.A.S.S ao causar alta como dependente cunha prestación de 70 horas mensuais o día 01/12/2020	
167	10/02/2020	Baixa no servizo mpal de axuda a domicilio por libre concorrencia a F.G.S ao causar alta como dependente cunha prestación de 20 horas mensuais o día 01/12/2019	
168	10/02/2020	Baixa no servizo mpal de axuda a domicilio por libre concorrencia a M.C.F.G ao causar alta como dependente cunha prestación de 20 horas mensuais o día 01/12/2019	
169	10/02/2020	Aprobación da adhesión do Concello de Culleredo ao convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a implantación da Historia Social Única Electrónica nas entidades locais de Galicia	
170	10/02/2020	Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA SA dos terreos de dominio público mpal afectados para acometida de rede na Rúa Gumersindo Pereira Nouche.	
171	10/02/2020	Autorización do uso especial por Empresa Municipal de Aguas de La Coruña dos terreos de dominio público mpal afectados para a renovación das conducións principais de abastecemento no entorno da universidade laboral	
172	10/02/2020	Autorización do uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público mpal para rede de baixa tensión soterrada en R/San Antón	
173	10/02/2020	Autorización do uso especial por NEDGIA GALICIA SA dos terreos de dominio público mpal afectados pola execución de acometida de gas natural na rúa Fernando Pérez de Traba - Andrés Pan Vieiro	
174	11/02/2020	Autorización do uso especial a LYNTIA NETWORKS SAU dos terreos de dominio público mpal para instalación de arqueta, canalización e calicatas rede fibra óptica na parroquia de Vilaboa	
175	11/02/2020	Autorización do uso especial a LYNTIA NETWORKS SAU dos terreos de dominio público mpal para realización de calicatas reparación rede fibra óptica na parroquia de Fonteculler	
176	11/02/2020	Autorización do uso especial a UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público mpal para liñas eléctricas soterradas de baixa tensión en R/Río Anllóns	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
177	11/02/2020	Orde a J.B.G como propietario da realización no terreo da limpeza e desbroce que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	
178	11/02/2020	Informe favorable da autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo TOYOTA COROLLA de 5 prazas en substitución doutro.	
179	11/02/2020	Orde a J.M.Q.P como propietario da realización no terreo da limpeza e desbroce que resulta necesario para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	
180	11/02/2020	Orde a M.P.R como propietaria da limpeza e desbroce que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	
181	11/02/2020	Orde a M.J.Q.P. como propietaria da limpeza e desbroce que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	
182	11/02/2020	Orde a J.M.D.R. como propietario da limpeza e desbroce que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	
183	11/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a J.A.C.P. no domicilio sito na rúa Ferrocarril con efectos de 1 xaneiro de 2020	
184	11/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 60 m3 a C.M.O. no domicilio sito na rúa Anxo Senra Fernández con efectos de 1 xaneiro de 2020	
185	11/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a A.M.V.P. no domicilio sito na rúa Andrés Pan Vieiro con efectos de 1 xaneiro de 2020	
186	11/02/2020	Concesión bonificación do 50% por familia numerosa taxa distribución auga sobre os consumos comprendidos entre 30 a 50 m3 a A.I.C.L. no domicilio sito na Pza Europa con efectos de 1 abril de 2020	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
187	11/02/2020	Anulación liquidación practicada a J.P.B. no domicilio sito Rúa Bo Home correspondente ao 4º trim/2019 e aprobación dunha nova na que os tipos de gravame do terceiro tramo de consumo (>55m3/trim)serán os establecidos para o segundo tramo, 0,66 €/m3	
188	11/02/2020	Aprobación devolución a A.P.F. e S.C.L.P. da cantidade ingresada indebidamente en concepto de IIVTNU por importe de 377,02 € máis 58,22€ en concepto de intereses de demora dende a data de ingreso.	
189	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a C.E.M.N.	
190	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a V.O.M.	
191	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a A.P.M.C.	
192	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a J.M.F.D.	
193	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a M.O.A.	
194	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a A.R.S, N.P.P e M.R.P.	
195	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a F.V.S, E.R.C.S e F.C.S.	
196	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a G.R.P.	
197	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a C.M.M.	
198	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a C.M.G.	
199	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a E.W.C.S.	
200	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a A.M.M.	
201	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a P.R.G.G. e M.J.T.	
202	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a M.C.C.L.	
203	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a M.J.P.R. e A.C.C.	
204	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a M.E.J.R.	
205	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a E.C.P.M.	
206	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a A.G.V e A.V.C.	
207	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a A.S.G.	
208	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a M.J.G.C.	
209	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a X.A.P.P., V.L.V.,	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
		D.P.L. e M.P.L.	
210	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a A.M.C.	
211	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a D.A.D.	
212	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a L.O.M, D.O.M. e M.P.M.C.	
213	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a P.C.V.	
214	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a V.V.M.P. e M.S.M.	
215	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a M.M.P e M.M.	
216	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a D.G.C.	
217	11/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida a A.S.G.	
218	12/02/2020	Aprobación liquidación alta Padrón fiscal Taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública (reserva permanente as 24 horas). Ano 2020. A.V.M. Rúas Paxariñas.	
219	12/02/2020	Autorización, disposición e recoñecemento dunha obriga por importe de 61.579,05 € en concepto de indemnización por ocupación sen título posesorio dos inmoables que se emprazan na finca rexistral 18167 propiedade de Epaat SL.	
220	12/02/2020	Aprobación devolución a SEGURFONDO INVERSION FII da cantidade debidamente ingresada en concepto de IIVTNU por importe de 283,18€ máis 51,49€ en concepto de intereses de demora dende a data de ingreso.	
221	12/02/2020	Autorizacións, disposicións e recoñecemento de obrigas e orde de pagamento das facturas incluídas na relación O/2020/3 (EMPRESA MPAL DE AGUAS DE LA CORUÑA SA, 1928,61€ e máis)	
222	12/02/2020	Imposición resolución sancionadora multa tráfico. Expte 15404/2019	
223	12/02/2020	Concesión a A.M.C.T da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter provisional cunha vixencia ata 31/01/22	
224	12/02/2020	Concesión a L.D.C da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade cunha vixencia de 10 anos	
225	12/02/2020	Concesión a T.S.B da tarxeta de estacionamento po razón de discapacidade cunha vixencia ata o 11/11/2022.	
226	12/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida de A.I.P.L.	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
227	12/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida de J.B.M e M.B.	
228	12/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida de A.P.F.	
229	12/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida de M.A.F.J.Q. , W.R.Q. e R.J.R.Q.	
230	12/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida de D.E.S.J. e F.B.R.S.	
231	12/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida de M.H., D.L.S.E, A.S.C.S. e A.H.S.	
232	12/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida de E.S.C., M.A.R.S. e S.S.C.	
233	12/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida de V.M.C.S.	
234	12/02/2020	Inicio trámites de baixa por inscrición indebida de T.M.M.I., C.C.M., J.A.C.V. e M.C.M.	
235	12/02/2020	Levantamento reparo formulado e continuación coa tramitación do expediente e avocación competencia para a concesión das retribucións por apertura, control e peche de diversas instalacións mpais fóra do horario laboral.	
236	13/02/2020	Anulación liquidación practicada a A.L.S na Avda Almeiras correspondente ao primeiro trim de 2020 e aprobación dunha nova, na que os tipos de grave do terceiro tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o segundo tramo , 0,66 €/m3	
237	13/02/2020	Asunción das funcións da alcaldía o día 13-02-2020 desde as 15.00 ata as 23.59 horas pola primeira tenente de alcalde, María Guadalupe Pombo Carril.	
238	13/02/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento do recibo de luz do 3 de novembro ao 30 de novembro de 2019 con cargo ao RC220200000081 a S.G.F. por importe de 31,67€.	
239	13/02/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento do recibo de luz do 3 de xaneiro ao 3 de abril de 2019 con cargo ao RC220200000084 a M.U.L.G por importe de 109,49 €.	
240	13/02/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento do recibo de luz por importe 50,71 € do 4 ao 31 de outubro de 2019 e pago recibo gas por 29,93 € do 4 ao 31 outubro 2019 con cargo ao RC220200000082 a M.A.P.	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
241	13/02/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento do recibo de luz por importe de 11,71 € do 13 ao 31 de outubro de 2019 e pago recibo gas por 12,69€ con cargo ao RC220200000081 a T.L.F.S	
242	13/02/2020	Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento do recibo de luz por 108,12€ do 6 de febreiro ao 31 de agosto de 2019 con cargo ao RC220200000078 a A.G.P.	
243	13/02/2020	Concesión axuda económica para pago alugueiro meses de decembro 2019 e xaneiro a maio 2020 a N.L.V.V. por importe de 1075 €	
244	13/02/2020	Concesión a A.R.Z.C do Servizo Mpal de Tealeasistencia Domiciliaria.	
245	13/02/2020	Concesión a M.S.G do servizo mpal de Axuda no fogar cunha intensidade de 2 horas á semana.	
246	13/02/2020	Concesión a M.N.L.G e E.B.B. do servizo mpal de Axuda no fogar cunha intensidade de 3 horas á semana.	
247	13/02/2020	Concesión a N.L.P do servizo mpal de axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana.	
248	13/02/2020	Solicitude de participación do Concello na convocatoria de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza mpais durante o ano 2020 por importe de 20.000 €	
249	13/02/2020	Solicitude de participación do Concello no programa de subvencións a concellos e entidades locais para mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos mpais de cultura durante o ano 2020 por importe de 10.000 €	
250	14/02/2020	Convocatoria da sesión ordinaria da XGL o luns 17 de febreiro ás 13.30 horas en primeira convocatoria.	
251	14/02/2020	Toma de coñecemento do escrito achegado por J.L.L.P. de renuncia desde o 1 de febreiro de 2020 ao nomeamento de forma temporal como xefe do corpo da Policía Local de Culleredo.	
252	14/02/2020	Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de "Instalación de césped artificial y adecuación de perímetro en campo de fútbol Os Loureiros-Almeiras". Adxudicatario: Iam Rumbo Instalaciones y Obras.	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
253	14/02/2020	Informe favorable da autorización interurbana para exercer o servizo de transporte urbano colectivo co vehículo marca PEUGEOT NUEVO RIFTER GT LINE de 7 prazas de C.C.A.	
254	14/02/2020	Orde a M.C.L.S como propietaria da realización da limpeza e desbroce que resulten necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	
255	14/02/2020	Orde a D.S.G. como propietario da realización da limpeza, tala e desbroce que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.	
256	14/02/2020	Aprobación cancelación dos avais constituídos ante este Concello por ESPROADE SL por importes de 724,80€ e 737,45 € en concepto de garantía definitiva para a modificación dos contratos: actividades modulares de benestar social lotes 1 e 2	
257	17/02/2020	Concesión a R.G.A. do servizo mpal de axuda no fogar cunha intensidade de 5 horas á semana.	
258	17/02/2020	Concesión a J.P.B da alta e obtención do carné do CLUB+65	
259	17/02/2020	Reserva como lugares especiais para colocación gratuita de carteis pancartas colgados a farolas polo sistema chamado bandeirolas para á campaña electoral das vindeiras eleccións ao Parlamento de Galicia.	
260	17/02/2020	Reserva como locais oficiais e espazos públicos para a celebración gratuíta de actos de campaña electoral para as vindeiras eleccións ao Parlamento de Galicia o vindeiro 5 de abril..	
261	17/02/2020	Arquivo actuacións ao non concorrer circunstancias de feito e dereito para abrir expediente disciplinario ao axente da policía local de Culleredo A.I.V.	
262	17/02/2020	Concesión a F.G.C da licenza de primeira ocupación solicitada para vivinda sita na avda. San Miguel.	
263	17/02/2020	Concesión a R.N.N. da licenza solicitada para construción dunha vivenda unifamiliar nas parcelas sitas na rúa Comedo e rúa Cangas.	
264	17/02/2020	Concesión a A.M.P.P e R.H.M. da licenza mpal de obras para construción vivenda unifamiliar en rúa Cangas.	
265	17/02/2020	Concesión a I.O.M da licenza que solicitou para construción vivenda unifamiliar na rúa Polvorín.	



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

C.I.F. P-1503100-H

NÚM. RESOLUCION	DATA	EXTRACTO	PLENO 27-02-2020
266	18/02/2020	Autorización a ONG MESTURA ao uso do local: Sala de actividades Victoria Díaz Cabanela do 16 de abril ao 18 de xuño de 2020 de 18.00 a 20.00 horas.	
267	18/02/2020	Outorgamento da licenza municipal para a instalación da terraza do café-bar Ruta 66 a R.P.S.	
268	18/02/2020	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2020/4. (TERCEIRO: DRAGCLIC, SL - IMPORTE TOTAL: 232,20 e máis).	
269	18/02/2020	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2020/5. (TERCEIRO: GESTION Y TECNICAS DEL AGUA, SA - IMPORTE TOTAL: 111,71 e máis).	
270	18/02/2020	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2020/6. (TERCEIRO: JARDINCELAS, SL - IMPORTE TOTAL: 5.098,81 e máis).	
271	18/02/2020	Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral, avocación competencia e aprobación, disposición e recoñecemento obrigas O/2020/7. (TERCEIRO: AUTOS CAL PITA SA - IMPORTE TOTAL: 800,00 e máis).	

7. DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 04/02/2020 (código de documento UIT14I0015)
- Informe de data 12/02/2020 (código de documento UIT14I001U)
- Informe de data 12/02/2020 (código de documento UIT14I001W)
- Informe de data 12/02/2020 (código de documento UIT14I001X)
- Informe de data 12/02/2020 (código de documento UIT14I002A)
- Informe de data 12/02/2020 (código de documento UIT14I001Y)

8.- MOCIÓN URXENTES:

A Presidencia, de conformidade co establecido no artigo 79.4 do ROM en relación co 85.5 do citado texto, somete á aprobación do Pleno, por razóns de urxencia, a moción dos grupos políticos do PsdeG-PSOE, Partido Popular, BNG



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

e Alternativa dos Veciños de data 27 de febreiro de 2020, relativa ao día 8 de marzo, día internacional da muller 2020. Sometida a votación a declaración de urxencia e a procedencia do debate, resulta aprobada por unanimidade dos sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

De seguido a Sra. Secretaria, de orde da presidencia, procede á lectura do texto da moción que transcrita literalmente di:

“ O 8 de marzo é o Día Internacional da Muller. É un día de reivindicación , de denuncia e de reflexión que concita innumerables manifestacións contra a violencia machista e permite poñer en evidencia as discriminacións que as mulleres seguen padecendo para acceder en igualdade a un emprego, á educación ou á sanidade.

Somos conscientes dos avances normativos que se sucederon para dar recoñecemento e promover a igualdade entre mulleres e homes: desde a Carta de Nacións Unidas, aprobada en 1945, ata o Tratado de Funcionamento da Unión Europea de 1957 e, por suposto, a nosa Constitución, que consagra a igualdade como un valor, como un principio e como un dereito fundamental, pasando por os acordos internacionais, o dereito comunitario europeo e as leis e demais normas promulgadas nos ámbitos nacional e autonómico, que obrigan a aplicar o enfoque de xénero en todas as políticas públicas tratando de previr condutas discriminatorias.

Nembargantes, non bastan para garantir a efectividade do principio de igualdade e o imprescindible cambio de mentalidade en todos os ámbitos da realidade social, cultural e económica.

Por iso, o 8 de marzo é unha xornada para denunciar as moitas formas de discriminación por razón de xénero que continúan arraigadas na nosa sociedade, e supón un reto que os Gobernos Locais afrontan con determinación cotiá, conscientes da súa importancia non só como dereito humano básico, senón tamén como elemento esencial para a convivencia, progreso e desenvolvemento social e económico sostible.

O ámbito local é o motor de cambio idóneo para a evolución de todas as sociedades que claman vivir e ser representadas en igualdade e que esixen a refundación dunha realidade que permita a todas as persoas desenvolverse plenamente sen distinción. Os Concellos somos coñecedores das necesidades reais da cidadanía e conscientes da importancia na educación e no fomento da igualdade.

Un ano máis, o Concello de Culleredo quere neste Día Internacional da Muller, sensibilizar e mobilizar a todos e todas as cidadanas e cidadáns na loita contra a violencia machista e no empoderamento das mulleres, comprometéndose cunha sociedade máis xusta, que nos permita por fin ás brechas na igualdade de xénero, eliminando calquer obstáculo que lle impida ás mulleres acceder en igualdade de condicións que aos homes a oportunidades e recursos.

Por todo iso, dende Culleredo:

- Convidamos a todas e todos os veciños a sumarnos a esta declaración reivindicando una igualdade exenta de violencia.
- Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos humanos e, en consecuencia, cos dereitos das mulleres, coa igualdade real de oportunidades entre homes e mulleres e facemos explícito o noso recoñecemento a cantos contribuíron co seu labor e esforzo á erradicación das situacións de desigualdade xa superadas, á vez que reiteramos a nosa firme determinación de avanzar na superación daquelas que aínda perviven hoxe en día.
- Insistimos na necesidade de que continúen implantándose políticas encamiñadas a fomentar o emprego e o emprendemento feminino, máis educación para a igualdade de oportunidades, maior incorporación das mulleres na sociedade da información e máis apoio ás mulleres que viven no ámbito rural.
- Non son posibles as políticas de igualdade sen os Concellos. Por ese motivo, reivindicamos a necesidade de dotar ás Entidades Locais das competencias nesta materia así como de suficientes medios e recursos para, en colaboración co Goberno e as CCAA, asegurar a implementación adecuada de todas as políticas e iniciativas necesarias para garantir a igualdade de xénero, o empoderamento das mulleres e os seus dereitos en todos os nosos pobos e cidades.”



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)  623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción resultando aprobada por unanimidade dos sres./as concelleiros asistentes á sesión polo que devén en acordo nos termos transcritos.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

A Presidencia pregunta aos membros da Corporación se teñen que facer algún rogo ou pregunta, solicitando o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que como ben é sabido o luns vinte e catro de febreiro saliu publicado no DOGA o traslado definitivo do bacharelato da Universidade Laboral ao Rego de Trabe, e que hai unha serie de inqedanzas por parte das familias que demandan información por parte da Administración e o grupo político Alternativa dos Veciños quere saber se desde o Concello se está a xestionar unha reunión informativa con estas familias para que sepan a que aterse así como garantir as ofertas e optativas para que o día 16 de setembro As mariñas esté completamente preparado con laboratorios e aulas .

Fai uso da palabra o sr Alcalde quen di que a concellería de educación e os técnicos municipais mantiveron unha conversa telefónica coa Xunta e o Concello quedou emprazado a que lle deran toda esa información xa que a Administración autónoma é a que ten toda a competencia; engade que o Concello en canto teña esa información de primeira man e non con especulacións, como xa se comprometi a semana anterior, daralla de inmediato; di que hai un certo hermetismo, por dicilo así, por parte da Administración autonómica, e que pensa que entre esta semana e a que vén pode ser que se desbloquee esta situación xa que consideran que é unha información de moito interese.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a sra. Pérez Mosquera quen, unha vez concedido, di que en primeiro lugar quere facer unha pregunta e posteriormente un rogo. Explica que o pasado luns 17 de febreiro houbo unha convocatoria do Consello Sectorial de Política Social, Desenvolvemento Local, Cultura, Festas, Turismo, Urbanismo e Medio Ambiente na que foron elixidos os membros do GAU e pregúntase se o Sr. Alcalde sabe que o seu grupo municipal e, ela en particular, non foi convocada, tamén se pregunta se os concelleiros dos outros grupos políticos foron convocados e di que se estes foron convocados aínda se alarmaría máis; que a pregunta que fai é por qué motivo non se lle convocou, e explica que non ter sido convocada ao Consello Sectorial vulnera o dereito de participación máis elemental polo que lle roga ao sr. Alcalde que arranxe esta situación e di que espera que o sr. Alcalde estea a altura das circunstancias.

Intervén de novo a sra. Pérez Mosquera para formular un rogo e expón que nos últimos anos foron varios os eventos organizados de quedadas e roteiros polo monte Xalo, a última da que teñen constancia o día 29 de decembro do 2019 e non lles consta que tiveran autorización para a realización dese evento; engade que en varios destes eventos dos últimos anos o goberno municipal comunicou que tomaría accións e que se chegaría ao fondo deste asunto para o esclarecemento dos feitos pero ao BNG non lle constan máis alá da propaganda habitual; continúa a dicir que os destrozos en montes veciñais de Celas e Castelo, como xa sabe o goberno municipal, son numerosos e estes eventos non se limitan a transitar por montes veciñais, senón que no abandono dos roteiros transitan por vías públicas tanto municipais como de outras administracións; que a presenza da garda civil foi inútil e ao seu grupo político lle sorprende que sen contar coa autorización municipal se permita continuar cun evento así; di que existe un convenio vixente coa Comunidade de Xalo da parroquia de Celas e que nese convenio se fai referencia a importancia social, cultural e paisaxística do monte Xalo para os veciños de Celas e para o Concello de Culleredo, a importancia do monte para o mellora do medio ambiente e a fixación do carbón atmosférico sendo un dos activos fundamentais para a conservación das Mariñas e da biosfera recoñecida e avalada pola Unesco; que lles consta que a comunidade de Montes de Xalo da parroquia presentou a denuncia xudicial e que as agresións ao Monte Xalo non quedan en eventos como o antes mencionado senón incursións de vehículos a cotío, verteduras de lixo, etc; que en base a todo o anterior o grupo político do BNG quere facer o seguinte rogo: que o goberno municipal traslade aos mandos da garda civil a necesidade da formación dos axentes nesta materia para que nun futuro poidan defender correctamente os intereses dos veciños e veciñas de Culleredo, di que este tema formará parte da orde do día da



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

próxima convocatoria da Xunta de seguridade local;que pensa que o Concello de Culleredo debería presentar a pertinente denuncia xudicial polo evento do día 29 de decembro xa que por una banda hai un convenio que lles obriga a defender un monte veciñal e por outra, esto transcurre por rúas públicas.

A continuación, intervéñ o sr. Alcalde e di que o Concello de Culleredo non é competente para dar ningunha autorización en propiedade privada porque o monte está mancomunado e polo tanto, é unha propiedade privada dos comuneiros; que son os comuneiros cando vexan agredida a súa propiedade os que deben de formalizar a denuncia e é a Xunta de Galicia a que debe autorizar por viais públicos, así o rexistra a Lei de montes, e rutas turísticas ou de calquera outro tipo a motor, a cabalo ou como se considere; que polo tanto, o Concello non é competente nesa materia e aclara que o Concello de Culleredo fixo un traballo exhaustivo desde a Concillería de Medio Ambiente, que a técnica municipal foi coa policía local e compañeiros do servizo para avaliar cales son os danos que se produciron. Explica que os viais públicos do concello de Culleredo tamén o sufriron e se mandaron os correspondentes escritos a Consellería correspondente para que procedera a instruír un expediente sancionador; segue a dicir, que a situación destes roteiros ademais de estar xudicializada polos propietarios do monte mancomunado de Celas aos que fai referencia o BNG, tamén está polos propios mancomuneiros de Castelo que presentaron a súa pertinente denuncia para os efectos de que se faga xustiza nesta materia. O sr. Alcalde comunícalle á sra. Pérez Mosquera que pode consultar todas as cartas ou escritos que se lle remitiron á Consellería e a resposta que recibiu o Concello ao respecto para que a Xunta de Galicia instrúa un expediente sancionador a quen está perfectamente identificado e ademais identificado pola propia Garda Civil que foi quen interviu nese caso e a propia policía local que en defensa dos intereses públicos do Concello de Culleredo tamén participou na elaboración dun expediente exhaustivo.

C.I.F. P-1503100-H

Intervén de novo a sra. Pérez Mosquera e di que lle lembra ao Sr. Alcalde a súa primeira pregunta relativa ao Consello Sectorial.

Contesta o sr. Alcalde dicindo que se consultará a quen ten a obriga de facer a convocatoria cal foi o motivo de que non foran convocados; di que a el lle estranou non ver ao grupo municipal do BNG porque acuden absolutamente a todo ; que vai ver o que pasou, es e procede convocala outra vez se convocará.

Solicita o uso da palabra o sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que lle gustaría facer unha pregunta a raíz da dación de conta do informe anual do EDUSI Culleredo Vivo porque unha vez que consultaron non só a documentación que se achega para este pleno senón tamén a documentación que se amosa na páxina web culleredovivo.es sorpréndelles que non se fale en ningún momento nin se amose na páxina web o traballo realizado polo grupo de Participación Cidadá que aparece na estrutura de traballo do EDUSI e que non se fale en ningún momento das reunións deste grupo de Participación Cidadá nin tampouco das propostas de operacións feitas pola veciñanza, pola participación cidadá , asociacións, etc, etc . Pregunta cantas propostas houbo e saber se se seguiu o criterio de escolla que aparece na documentación da páxina web; di que que no apartado de expresións de interese que é onde deberían aparecer todas as propostas realizadas para este programa o link de aprobadas e o link de rechazadas non levan a ningures, e quere saber cales quedaron fóra e cómo quedan e como poden consultalo os cidadáns que fixeron as súas propostas.

Responde o sr. Alcalde dicindo que este documento que se trae ao Pleno non ten nada que ver co que o sr. Méndez Mosquera formula porque ao que o sr. Mosquera se refire foi a unha fase previa ao EDUSI que xa se fixo e está recollida nos informes do EDUSI. Explica o sr. Alcalde que antes de conformar as liñas de actuación reuniuse a toda a veciñanza nese mesmo salón de plenos, se lles expuxeron as liñas de traballo do propio Plan e por onde ían ir as mesmas e se concretaron algúns dos proxectos que son posibles e que sempre que estén nas liñas que marca o EDUSI se poden facer sen ningún problema; insiste o sr. Alcalde en que iso foi unha fase previa ó EDUSI e acláralle ao sr. Méndez Mosquera que o que teñen que consultar é o expediente completo porque esta é unha parte do EDUSI que ven a este pleno; que a outra parte serviu para pedir os propios fondos e para que as liñas de actuación



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

do EDUSI foran aprobadas e foron aprobadas porque se deu participación aos veciños e veciñas do Concello de Culleredo o ano en que foron outorgados esos cinco millóns de euros xa que senón non llos darían; o sr. Rioboo Castro segue a dicir que a partir de agora queda o traballo de tratar de conformar todas as liñas de actuacións.

Solicita novamente o uso da palabra o sr. Mendez Mosquera e pregunta se polo de agora non houbo ningunha proposta de programa de execución por parte de ningún ente público nin asociacións nin da veciñanza.

Respóndelle o sr. Alcalde dicindo que todas as liñas que se propoñen son consensuadas cos veciños e reitera que xa lle dixo que hai un proceso inicial no que se formulan obras no camiño inglés, arranxos de centros sociais, etc, esas son as liñas de traballo e logo haberá que ver qué centros sociais lle fan falta, en qué zonas de actuación se pode actuar, etc, ademais lle indica que o plan EDUSI está auditado e que o Concello de Culleredo polo de agora, non ten ningunha mancha na auditoria do propio plan e polo tanto será que o está facendo ben; que de todas formas o empraza para que os responsables técnicos do EDUSI lle expliquen cantas dúbidas poida ter

O sr. Mendez Mosquera di que a dúbida é simplemente saber onde poderían os participantes consultar esa información da que está a falar o alcalde xa que na páxina web non se pode.

Intervén o sr. Alcalde e di que se non está na páxina web que a poñan pero insiste que na auditoría que lles fai a Unión Europea está todo correcto co cal presume que así debe de ser aínda que tampouco o pode asegurar no día da data.

Solicita o uso da palabra a sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que a súa pregunta fai referencia a preguntas feitas noutros plenos e que quedaron sen contestar, unha delas é a relativa aos contratos que ten pendente o Concello, no tocante a eles o que quere saber o seu grupo político é se se ten avanzado algo sobre todo nos que todos os meses teñen reparos da intervención, se se están a tomar medidas para solucionar esto, qué contratos son e se teñen previsto o tempo que poden tardar en sair a licitación.

Contesta o sr. Alcalde dicindo que precisamente o retraso que sofre o orzamento municipal este ano ven motivado pola valoración económica que hai que facer dos servizos que se van licitar e que son absolutamente todos; di que hai un incremento importante nas partidas orzamentarias o que provoca que os servizos técnicos municipais teñan que axustar o orzamento; que ata agora ao mellor un servizo de limpeza viaria sen concretar cifras estaba nun millón trescentos mil euros e o que quere facer o Concello de Culleredo precisamente para evitar reparos a posteriori é elevalo a un millón seiscientos ou setecentos mil euros, o cal non quere dicir que despois na licitación se licite nun millón setecentos mil euros porque ao mellor o licitan nun millón catro centos mil pero a cifra exacta do que costa o servizo, o que estiman os técnicos municipais que custa si que hai que poñelo e eso téñeno que multiplicar por todos os servizos que van ser susceptibles este ano de ser contratados. Segue a dicir o sr. Alcalde que desde o goberno municipal por iniciativa propia e a instancia dos grupos políticos se están tratando de licitar todos os servizos municipais tanto en viais como en calquera tipo de intervención, que xa se fixo unha análise exhaustiva de todos os gastos que van a pleno todos os meses para tratar de conformalos nun contrato de, por exemplo, arranxo de viais, de beirarrúas... e que todos esos pregos están tratando de redactarse e sobre todo de cuantificarse economicamente para facer un orzamento exhaustivo, que o goberno municipal espera que durante este mes o teñan concretado para poder incluír as partidas orzamentarias das licitacións que teñen que levar a cabo e dos incrementos que a propia lexislación lles esixe como en materia de servizos sociais ou de asistencia a domicilio, etc. Segue a dicir que hai un incremento importante e que non é un problema só do Concello de Culleredo senón que é xeneralizado posto que ese servizo ao mellor nun concello como Culleredo estaba nun millón de euros e subiu a un millón catrocentos mil simplemente porque a lei así o esixe e polo tanto dentro das posibilidades que os servizos técnicos municipais teñen van a estar licitados todos os servizos no presente ano.

Intervén novamente a Sra. García Gorostizu e di que respecto ao tema das bolsas de estudo, no grupo político do Partido Popular están totalmente sorprendidos de que case no mes de marzo e case para acabar o curso non saben

30 de 31



Código do documento	Código do expediente
USG14I009H	USG/2020/44
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 623W 0J73 2T2M 1A6P 0PDV	

nada delas; que xa preguntaron na Xunta e noutros concellos de arredor,e ningún ten os problemas que ten o Concello de Culleredo e por iso e porque tampouco tiveron unha resposta clara están sorprendidos polo que pregunta se este curso os nenos van ter bolsas de estudos ou xa se quedará para o curso que ven.

Responde o sr. Alcalde dicindo que algúns dos concellos aos que o partido popular lle está preguntando tamén lle están preguntado ao Concello de Culleredo como o están facendo e se están dando conta de que o teñen mal feito e de que o fixeron de forma irregular; di que no Concello de Culleredo o van a desfrutar de forma regular e que por iso o están a facer seguindo o procedemento que teñen actualmente.

Intervén de novo a Sra. García Gorostizu e di que ten un rogo; que o seu partido político estivo na zona e recollendo queixas e por iso solicita a limpeza de toda a zona do Rio Trabe ao paso por Acea de Ama e a zona de Vilaboa xa que está todo cheo de bolsas plásticas e botellas, por iso lle piden ao concello que faga unha actuación na zona para limpala.

O sr. Alcalde intervén e di que hai un mapa de ríos urbanos e hai unha competencia que é municipal e unha competencia que é da propia administración autonómica e que na última reunión que mantivo él coa consellería responsable chegaron ao compromiso de que a Xunta ía asumir o que lle corresponde ,que é precisamente o que o Partido Popular denuncia, e iso é o que están esperando para non gastar os cartos dos veciños de Culleredo e que sexa a propia administración autonómica a que defina os espazos onde ela ten que intervir; di que ás veces se solicitan os permisos pertinentes para facer as limpeza que se solicitan e ás veces se rexeitan desde Augas porque non se poden facer desbroces nos tramos que lle tocarían ao concello e tampouco se poden facer da forma que un quere para preservar un pouco a biosfera nesa zona; volve a insistir en que nunha entrevista pública que mantivo coa concelleira responsable chegaron ao acordo que este ano o concello se comprometía a facer a limpeza, e a administración autonómica na parte que lle toca á Xunta de Galicia xa que hai unha policía de río, unha zona de influencia; segue a dicir que levaron un documento gráfico de cómo estaban todas as zonas e faláron de que tiñan que limpalas eles ou subvencionarlle ao concello a través dun convenio para que o este o faga pero non cun reparo da intervención unha vez máis e ademais razoado e que nesa liña están.

Volve a intervir a sra. Garcia Gorostizu e pregúntalle ao sr. Alcalde se coñece a instrucción de Augas de Galicia que saliu o ano pasado e onde se indica que é competencia municipal

Contesta o sr. Alcalde dicindo que si que a coñece e que non é así exactamente porque é competencia municipal pero necesitan o permiso de Augas de Galicia e aclara que o Concello de Culleredo lle fixo as solicitudes a Augas de Galicia para limpar o río e non llo autorizaron, por iso el se reuniu coa consellería para aforralle tamén orzamento ao concello e se chegou a un acordo na que no mapa de ríos que se nalgua zona urbana tivera o concello algunha competencia sería unha limpeza moi concreta porque non se pode tocar a canle nin absolutamente nada e unha instrucción moi concreta que choca con permisos subsidiarios que hai que pedir ; que é por iso que chegaron a un acordo coa institución autonómica e limpar a franxa do río desde Vilaboa, desde Castro Laxe, ata os muiños de Acea de Ama e unha vez esté limpa pola Administración autonómica e quede limpa como marca a directriz de Augas de Galicia o Concello sería cando podería, segundo o acordo verbal mantido, e contrataría a licitación da limpeza do río periodicamente; explica que non se queren meter nunha cuestión que poida derivar nun problema medioambiental e que por iso hai que pedir os permisos pertinentes

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e catorce minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe

O Alcalde-presidente
(Asinado dixitalmente)


RIOBOO
CASTRO,
JOSE
RAMON
Alcalde-
Presidente

PASTOR NOVO, PILAR MARÍA
Secretaria Xeral
07/04/2020 11:58

31 de 31

Rúa do Concello, 12 - 15189 - Culleredo

<http://www.concello-culleredo.es>

981677646 -